


XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI' PRESENTA "RATOS DE VIAXE" ESTE MÉRCORES EN WELLS LIBROS



O profesor e escritor de Cangas Xosé Manuel González 'Oli', presentará o seu novo libro para público infantil, "Ratos de viaxe", este mércores 17 de xullo na librería Wells (Praza do Arco, 5) de Cangas. Será no marco dunha sesión de contacontos e música, ás 12:00 horas con entrada libre, na que o autor estará acompañado polo tamén docente Carlos Salgueiro, que interpretará varias cancións de creación propia a partir deste conto.

Publicado por KALANDRAKA en galego, castelán e éuscaro, "Ratos de viaxe" é unha divertida historia para pre-lectores e primeiros lectores protagonizada por uns simpáticos roedores que emprenden unha excursión ata a praia, aproveitando o bo tempo do verán. As rimas, o ritmo poético e o xogo de palabras encadeadas son algúns dos recursos nos que se apoia Oli para potenciar a oralidade e a participación das nenas e dos nenos na narración.

Este libro é a continuación de "Os ratos da casa", no que se contan as peripecias destes intrépidos personaxes na cociña dunha vivenda, onde descubren gorentosas comidas e larpeiradas.

A ilustradora de ambas obras é a artista arxentina Natalia Colombo, de cuxa traxectoria destaca que foi galardoada co I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. A súa proposta artística tanto en "Os ratos da casa" como en "Ratos de viaxe" consiste en plasmar o ambiente de ledicia, humor e emoción no que transcorren os textos a través de imaxes con cores luminosas e cheas de detalles: maletas, flotadores, parasoles, toallas e utensilios de praia son parte da surtida equipaxe dos protagonistas nas novas aventuras desta serie.

Mestre de Primaria, tradutor e escritor, Oli tamén é especialista en literatura infantil-xuvenil e co-director da colección Seteleguas de KALANDRAKA. Nesta editorial tamén ten publicados os álbums "Once damas atrevidas", "O pirata pata de lata" e "Artur". Ten sido responsable das páxinas de literatura infantil da Revista Galega de Educación.

Tralo paso do autor pola Semana do Libro de Compostela e pola Festa dos Libros de Pontevedra, "Ratos de viaxe" chega agora a Cangas para continuar coa súa ruta de presentacións, que levará a Oli por diversas vilas e cidades galegas.